

COMENTARIO POÉTICO

1.-Lectura do poema: debes ler o poema as veces que sexan necesarias para *entendelo* plenamente.

2.-Introdución: achegamento ao poema e ao seu contexto. Debes comprobar de que *libro* procede, así como *cando e onde se publicou*. Isto axudarache a *situalo dentro do conxunto da obra do autor ou autora*, así como no *contexto da corrente literaria e da época*.

3.-Análise da voz poética: fixate nos pronomes, verbos... Están en *1ª persoa ou en 3ª*?

4.-Achegamento ao contido do poema:

a.-de que trata? *Resumo do asunto* do poema.

b.-cal é, en consecuencia *a temática* do poema? (ten en conta o léxico)

c.-*tempo, espazo e personaxes*

5.-Estrutura: poderías *dividir o poema en partes* tendo en conta o contido? Explica o contido de cada parte e xustifica (explica) a división que fas. Sinala os versos que comprenden cada parte.

6.-Forma do poema: comentario da forma estrófica. Explica de que *tipo de estrofa* se trata, que *tipo de versos* a forman e cal é a *rima*. Logo continúa cos *recursos formais* (aliteracións, anáforas, comparacións...)

7.-Síntese final e opinión persoal: sintetizar *o máis interesante* e achegar a *opinión persoal* (sempre convenientemente explicada).

1.-Pra Habana

V

*Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.*

5 *Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E tes corazóns que sufren*

10 *longas ausencias mortás,
viudas de vivos e de mortos
que ninguén consolará.*

Rosalía de Castro, *Follas novas*

2.-Esta composición é a parte V do primeiro poema do Libro V (“Viudas dos vivos e viudas dos mortos”) de *Follas Novas*, o segundo libro de Rosalía de Castro que se publica en 1880 e un dos máis importantes que se publica durante o Rexurdimento.

3.-A **voz poética** parece establecer un diálogo no que se dirixe a Galicia “sin homes quedas” (3) “tes” (5, 9).

4.-O **tema** central é a desolación de Galiza polo abandono dos seus habitantes (“Galicia, sin homes quedas / que te poidan traballar”, versos 3-4). Trátase o tema desde a perspectiva dos que quedan, non dos que marchan e neste anaco non se fai referencia a que a razón deste abandono é a **emigración**, pero si no resto do poema e é ademais un dos temas máis importantes de *Follas Novas*.

5.-Segundo isto, podemos **dividir o poema en dúas partes**. A primeira, do verso 1 ao 4, onde se falan dos que se van. A segunda, do verso 5 ata o final, na que se dá a visión dos que quedan aquí.

6.-No que respecta á **forma do poema**, debemos destacar que os principais elementos a comentar están relacionados coa **métrica**. **Verso octosílabo**, un verso popular, pero que tamén se cultivou na poesía culta (Romanticismo). **Rima asonante** alterna só nos versos pares. Esta é a rima que domina

na obra, que destaca pola súa forma poética novidosa, xa que a autora usa a forma do xeito que cre máis axeitado para o que quere expresar.

No que respecta á **sintaxe**, hai un **hipérbato** no verso 3 (“Galicia, sin homes quedas”) coa finalidade de destacar o substantivo “homes” que se antepón ao verbo.

Temos a **repetición** dunha ou varias palabras en contacto no verso 1 (“Este vaise i aquel vaise,”) e no 2 (“e todos, todos se van”). Tamén se dá a **anáfora** (repetición dunha ou máis palabras ao comezo de varios versos sucesivos) e **polisíndeto** nos versos 2, 6, 7, 8 e 9 (“e todos, todos se van; e campos de soledad / e nais que non teñen fillos / e fillos que non ten pais. E tes corazóns que sufren”).

Hai unha acumulacións de palabras que se dá na **enumeración** dos que se van (“Este vaise i aquel vaise, / e todos, todos se van”) e dos que quedan (“Tes, en cambio, orfos e orfas / e campos de soledad, / e nais que non teñen fillos / e fillos que non ten pais. / E tes corazóns que sufren / longas ausencias mortás, / viudas de vivos e de mortos”). É un fenómeno intensificador da idea central.

No que respecta ao **léxico**, vemos que emprega un léxico popular e usual. Hai unha serie de fenómenos semánticos que recalcan a idea principal de soidade como son a **hipérbole** “sin homes quedas”, a **metáfora** “campos de soledad” ou o **paradoxo** “nais que non teñen fillos / e fillos que non ten pais; viudas de vivos e de mortos”.

7.-Podemos **concluir**, que este poema de Rosalía de Castro trata unha temática propia da poesía social (a emigración). Nel denuncia o drama que viven as persoas que pasan por esa situación e faino utilizando un léxico e uns versos propios da poesía popular, igual que fai outro gran poeta do Rexurdimento como é Manuel Curros Enríquez.